



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

O EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA: UNHA OPORTUNIDADE PARA
AVANZAR NA IGUALDADE LABORAL.



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



cel
Confederación de
Empresarios de Lugo

CEO



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

O emprendemento feminino en Galicia, ademais de constituír un motor para a economía, representa unha importante oportunidade de desenvolvemento profesional e empoderamento para as mulleres.

O **Informe GEM Galicia 2024-2025** mostra que a taxa de actividade emprendedora feminina (**TEA**) acada o 6,5 %, reflectindo unha crecente participación das mulleres na creación de empresas.

Porén, unha análise máis detallada revela diferenzas significativas entre emprendedoras e emprendedores:

- As emprendedoras presentan, en maior medida, un elevado nivel educativo: o 47 % conta con estudos universitarios, fronte ao 24 % dos homes.
- A necesidade de gañarse a vida ante a escaseza de traballo constitúe a principal motivación para emprender do 63 % das mulleres, fronte ao 59 % dos homes.
- As iniciativas lideradas por mulleres concéntranse principalmente en actividades de servizos ao consumidor, mentres que os proxectos en sectores de nivel tecnolóxico medio-alto seguen presentando unha maior presenza masculina.
- O acceso ao financiamento segue a ser unha das principais barreiras para o emprendemento feminino e os servizos de apoio á conciliación considéranse insuficientes, o que pode dificultar a consolidación dos negocios liderados por mulleres.

Neste contexto, iniciativas como o **PROGRAMA EMEGA** da Xunta de Galicia configúranse como instrumentos clave para fomentar a creación de empresas por parte das mulleres e favorecer a súa participación, permanencia e progresión no mercado laboral. Inclúe 4 liñas de axudas:

◆ Liña Emerxe: axudas para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

💰 Axuda: Entre 10.000 e 22.000 euros, dependendo do número de postos de traballo creados.

◆ Liña Impulsa: axudas para a reactivación, a mellora e consolidación de empresas xa constituídas (cun mínimo de 3 anos de actividade), nas que as promotoras sexan mulleres.

💰 Axuda: De 8.000 a 17.000 euros, en función do número de postos de traballo creados.

◆ Liña Innova: axudas para impulsar iniciativas empresarias de nova creación promovidas por mulleres e que teñan carácter innovador, científico e tecnolóxico.

💰 Axuda: de 18.000 a 42.000 euros, en función do número de postos de traballo creados

◆ Liña Concilia: axuda complementaria a calquera das outras liñas que ten como finalidade promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

💰 Importe: de 3.000 a 5.000 euros.

Prazo:

O prazo de solicitudes remata o 3 de agosto de 2026.

[DOG 123 do 3/7/2026 - ORDE do 18 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 \(código de procedemento SI429A\).](#)

Desde o **Gabinete Técnico de Igualdade** da **#CEG** apoiamos o emprendemento feminino como unha panca para avanzar na igualdade de oportunidades, favorecendo a autonomía económica das mulleres e contribuíndo a reducir as fendas de xénero no ámbito laboral.

✉ igualdade@ceg.es

☎ 981 555 888